

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Aprobación de bases para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL CONCELLOS 2026), e a elaboración dunha bolsa de emprego, categoría peón/peoa condutor/a de obra

Procedemento: Convocatoria e Proceso de Selección por Concurso-Oposición (Persoal Laboral temporal)..

ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía núm. 156/2026 de data 09-03-2026 aprobáronse as bases para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos (PEL CONCELLOS 2026), e a elaboración dunha bolsa de emprego para o posto de PEÓN/A CONDUCTOR/A, como persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición libre, así como a súa convocatoria, abríndose o prazo de presentación de solicitudes que será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Asunto: APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PELCONCELLOS 2026), E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, CATEGORÍA PEÓN/A CONDUTOR/A DE OBRA.

Expte TEDEC: 2026/E001/000004 (Persoal).

Expte TEDEC: 2025/A008/000041 (Subvención).

BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 PEÓN/A CONDUTOR/A DE OBRA

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

Constitúe o obxecto desta convocatoria a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a contratación como persoal laboral temporal a xornada completa de dous PEÓN/A CONDUTOR/A de obras para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais anualidade 2026 financiado pola Deputación da Coruña dentro do programa PEL CONCELLOS 2026 e a elaboración dunha bolsa de emprego, mediante calquera das modalidades de contratación prevista no Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021).to para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, cuxas características son:

- **Categoría profesional:** PEÓN/A CONDUTOR/A (Código de ocupación 9601).
- **Grupo de cotización:** 10 (Co. Edificación e Obras Públicas da Coruña)
- **Xornada:** 30 horas semanais (75% de xornada-tempo parcial), para a convocatoria do PEL CONCELLOS 2026, ou calquera dos previstos no RD 32/2021 nos demais casos. O horario será fixado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo.
- **Tipo contrato:** Mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (cód. 505) para a convocatoria do PEL CONCELLOS 2026 ou calquera dos previstos no RD 32/2021 nos demais casos.
- **Duración:** 6 meses a contar dende a data de inicio do contrato; o contrato non se estenderá máis alá do 31-12-2026, conforme ao Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2026, ou calquera dos previstos no RD 32/2021 nos demais casos.
- **Titulación:** Polas funcións a realizar, non se precisa estar en posesión de ningunha titulación
- **Cometido funcional:** No ámbito dos servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o punto 2.3. das Bases reguladoras do PEL CONCELLOS 2026, as funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos PEÓN/A CONDUTOR/A de albanelería, carpintería, fontanería e electricidade, sempre dentro das funcións dos servizos mínimos previstas na lei. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

- As **retribucións** íntegras mensuais serán as das táboas salariais acordes o grupo profesional do Convenio Edificación e Obrar Públicas da Coruña (15000395011982), mentres non se conte cun convenio laboral propio do Concello da Baña.

O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición que se valorará de acordo co baremo establecido na base 6.

O proceso selectivo rexeráse polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais e específicos, que deberán reunirse na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento da súa contratación ou nomeamento.

REQUISITOS XERAIS:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

1. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

2. As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

3. O acceso ao emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

4. Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo para o que se opta. A este efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

f) Polas funcións a realizar, non se precisa estar en posesión de ningunha titulación.

g) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 1, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.

NOTA1. Anexo I punto 5, da Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega (Celga).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2. da LEPG, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das instancias,

deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega , que cualificará á persoa aspirante coma apta ou non apta.

h) **Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego como desempleado/a na data do inicio do proceso selectivo.** (Terán que achegar orixinal ou copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego do Servizo Público de Emprego). As persoas que se acollan ao apartado de parados de longa duración deberán acreditar esta circunstancia coa certificación de mais de 12 meses en desemprego expedida polo Servicio Galego de Colocación. O resto de candidatos no momento da presentación de instancias poderá acreditálo coa tarxeta de demandante actualizada en vigor ou expedido polo Servizo Galego de Colocación da condición de desempleado.

i) A base 3.2. da convocatoria do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2026), estipula que as persoas a contratar no programa **deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral.** Estas situacións son as seguintes:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

J) Carne de conducir B1

Os requisitos establecidos serán exixibles así mesmo, dende o nomeamento ata o cese.

TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes (**Anexo I**) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a posto de PEÓN/A CONDUCTOR/A de obras; dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Baña, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/> así como na Páxina Web do Concello, para maior difusión.

Os solicitantes deberán unir á instancia (Anexo I) a seguinte documentación:

- **Orixinal ou copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego do Servizo Público de Emprego.**
- **Documentación acreditativa da situación de exclusión laboral:**

SITUACIÓN	ACREDITACIÓN
Mulleres, Maiores de 45 anos ou Menores de 30 anos	Fotocopia DNI.
Persoas desempregadas de longa duración (mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade nun grao igual o superior ao 33%	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego, Persoas con fogar monoparental, Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, Persoas vítimas de violencia de xénero e Persoas sen fogar	Informe dos serizos sociais municipais

- **Título CELGA 1 ou equivalente. De non aportarse deberá realizarse a proba de coñecemento de lingua galega.**
- **Carne conducir B1**
- **Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos a valorar na fase de concurso: Cursos Formación**

As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facer constar na súa solicitude se precisan de adaptación para realizar das probas conforme a Orden PJC/804/2025, de 23 de xullo, pola que se establecen criterios xenerais para a adaptación de medios e tempos e a realización de outros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súa instancia, se ben os erros de feito que podan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia da parte.

Os requisitos esixidos neste apartado deberán reunirse na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento da súa contratación ou nomeamento.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

CUARTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo **non inferior a tres días hábiles**, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello <https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/> así como na Páxina Web do Concello para maior difusión, concederáse **un prazo de dez días hábiles** para a emenda.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo **no inferior a tres días hábiles** desde a finalización do prazo para presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditou resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará *na sede electrónica deste Concello* <https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/informacion/> así como na Páxina Web do Concello para maior difusión. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos.

De non existir aspirantes excluídos/as, a resolución declararase elevada a definitiva, a listaxe provisional, na mesma resolución de aprobación.

Na mesma publicación farase constar data, lugar e hora de comezo da fase oposición, que terá lugar nun prazo **non inferior a tres días hábiles**, así como a orde de chamamento dos aspirantes, segundo o resultado do correspondente sorteo. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

QUINTA. Tribunal Calificador

O Tribunal Cualificador será nomeado por decreto de Alcaldía e estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do real decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do empregado Público e 59 da lei do emprego público de Galicia:

- Un Presidente
- Un Secretario
- Tres Vogais

Con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

Non poderán formar parte do Tribunal: o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, e o persoal eventual, conforme ó disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A pertenza ó Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, que deberán limitarse ó exercicio da súa especialidade técnica, e cuxo réxime de retribucións se determinará na resolución que acorde a súa designación. Así mesmo, poderá contar cun colaborador administrativo, con voz e sen voto, asimilado a Vogal ós exclusivos efectos da súa retribución.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto, agás a secretaria/o que terá voz na corrección, puntuación e calificación dos exercicios . De todas as reunións que celebre o Tribunal o/a secretario/a redactará correspondente acta.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas nos artigos. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no artigo 13 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, calquera aspirante poderá recusa-los, cando concorran algunha das referidas circunstancias.

O Tribunal só poderá actuar validamente coa asistencia, en todo caso, do Presidente, da maioría dos Vogais e do Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións formuladas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público a ao resto do ordenamento xurídico.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros, todas as dúbidas/e ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así coma nos supostos non previstos nas mesmas, solicitando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte das /os asesoras/res que, ao efecto, podan ter sido requiridos/as.

A Presidencia do Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase oposición, que se realicen de forma escrita, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos e/ou procedementos/s adecuados/s.

As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ó previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración xeral do Estado”.

SEXTA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases :

Concurso (20%) MÁXIMO 2,5 PUNTOS

Oposición (80%) MÁXIMO 7,5 PUNTOS

FASE DE CONCURSO. Máximo 2,5 puntos

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio ni poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

O tribunal reunirse con carácter previo á celebración do primeiro exercicio, para valorar ós méritos da fase de concurso. A resolución resultante desta valoración conterà para cada aspirante a puntuación global obtida na fase de concurso e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

Os méritos a valorar serán os seguintes:

PROGRAMAS DE CAPACITACIÓN, FORMACIÓN E INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL:

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

a) PROGRAMAS DE CAPACITACIÓN, FORMACIÓN E INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL: até un máximo de 2 puntos:	
Ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas da familia de EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL (EOC)	· Certificado de profesionalidade Nivel 2: (0,75 puntos) .
Ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas da familia de EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL (EOC)	· Certificado de profesionalidade Nivel 1: (0,5 puntos) .
Ter finalizado favorablemente outros programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas	· Certificado de profesionalidade de outras especialidades: (0,25 puntos) .
Cursos de formación de programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas	· 0,1 puntos por curso realizado

INTEGRANTES DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL:

Especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia (de acordo co establecido no punto 3.3 das Bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) (BOP núm. 200 de 16 de outubro de 2026). Ata un máximo de 0,50 puntos.

b) INTEGRANTES DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL: até un máximo de 0,5 puntos:	
Mulleres, Maiores de 45 anos ou Menores de 30 anos	0,25 puntos
Persoas desempregadas de longa duración (mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego)	0,25 puntos
Persoas con discapacidade nun grao igual o superior ao 33%	0,25 puntos
Persoas en situación de drogodependencia, Persoas que vivan nun fogar onde ningún teña emprego, Persoas con fogar monoparental, Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, Persoas vítimas de violencia de xénero e Persoas sen fogar	0,25 puntos

Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes.

A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

FASE OPOSICIÓN: Máximo 7,5 Puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dun primeiro e único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso, que estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, e descritas no punto 1.5 das presentes bases tales coma: limpeza viaria de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais e varredora, pavimentación das vías públicas e pequenas obras de reparacións, conservación e mantemento de edificios e de espazos públicos, labores de limpeza e desbroce utilizando as ferramentas propias da tarefa: por exemplo: desbrozadoras, varredora, circular, cortasetos, motoserra, equipo de protección individual, etc., entre outras propias do posto.

Para realizar a proba práctica o concello decidirá o protocolo a seguir na/s proba/s práctica/s das persoas candidatas. Á finalización da proba o tribunal poderá realizar unha serie de preguntas orais a contestar polos aspirantes, que deberá versar sobre a realización da proba práctica realizada.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 7,5 puntos.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 4 puntos.

A duración da proba práctica decidirá a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza en cada caso.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

En aplicación no previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba oral/escrita que, terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Esta proba non formará parte da fase oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega e, será previa a realización do exercicio da fase de oposición.

SÉTIMA. Cualificación final do proceso selectivo

Aos aspirantes que superen a fase de oposición aplicaráselles a puntuación obtida na fase de concurso.

A puntuación final será aquela obtida de aplicar a porcentaxe establecida para a fase de oposición máis a porcentaxe establecida para a fase de concurso.

O resultado da suma de ambas as fases, unha vez realizadas as ponderacións en cada unha delas, será a puntuación final.

En caso de empate, resolverase atendendo aos seguintes criterios:

a. Maior puntuación na fase de oposición.

- b. Maior puntuación en cada un dos exercicios da fase de oposición, pola orde establecida na convocatoria.
- c. Maior puntuación na fase de concurso.
- d. Maior puntuación nos epígrafes do baremo de méritos relativos a experiencia profesional.
- e. Por orde alfabética de primeiro apelido das persoas aspirantes, comezando pola letra “M” (RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia).
- f) De persistir o empate realizarase un sorteo entre os aspirantes implicados.

OITAVA. Relación de Aprobados

Rematada a cualificación dos/as aspirantes o Tribunal publicará a relación provisional de aprobados que teñan acreditado ou superada, a proba de coñecemento da lingua galega (CELGA 1), abrindo un período de alegacións non inferior a 3 días naturais.

Estudadas estas, de existiren, o tribunal publicará a relación definitiva de aprobados pola orde de puntuacións e elevará dita resolución ó Presidente da Corporación para que se proceda á aprobación da bolsa de emprego a través de Resolución de Alcaldía.

Publicada a resolución de Alcaldía coa relación de aprobados e a aprobación da bolsa de emprego, o Concello da Baña xestionará dita bolsa segundo as necesidades do servizo e, condicionada ao programa PEL CONCELLOS/2026.

A contratación de persoal temporal para o posto de PEÓN/A CONDUTOR/A de Obra ao abeiro do programa PEL CONCELLOS /2026), efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

A inclusión na bolsa de emprego non implicará en ningún caso a adquisición de empregado/a publico/a, constituíndo unicamente unha expectativa de dereito de ser chamado/a para ocupar o correspondente posto de traballo de acordo co previsto nas presentes bases.

NOVENA. Funcionamento da Bolsa de Emprego

1. Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva de persoas aprobadas e a orde definitiva das persoas integrantes da Bolsa de Emprego, por orde decrecente de puntuación total obtida no proceso selectivo que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Baña.

2. Previamente a contratación/nomeamento deberan realizarse os trámites administrativos que procedan.

3. Os chamamentos das persoas aspirantes efectuaranse pola orde na que estes figuran na bolsa. Os chamamentos faranse por chamamento colectivo telefónico.

Neste suposto, a/o empregada/o pública/o que os realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

Se algunha persoa candidata non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación/nomeamento, tendo en conta que se a persoa coa que non se deu contactado se pon en contacto co Concello da Baña antes das 12:00 do primeiro día hábil seguinte ao chamamento, ten dereito a ser contratada.

As persoas integrantes das Bolsas de Emprego ocuparán o posto da lista que lles corresponda, atendendo á puntuación obtida no proceso selectivo utilizado para a súa constitución, debendo aparecer, xunto ao número do posto ocupado, a puntuación que ostenta dentro da listaxe.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número de teléfono).

A aceptación da oferta, efectuarase nun primeiro momento de xeito telefonicamente e se requirira por escrito no seguinte día hábil. Transcorrido dito prazo sen que se produza aceptación, entenderase rexeitada.

4. En ningún caso, se adquirirá fixeza a través das contratacións/nomeamentos que se produzan por chamamentos da Bolsa de emprego.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

5. A renuncia a unha oferta de emprego con motivo xustificad non suporá cambio na orde da persoa candidata na Bolsa de Emprego. A renuncia sen causa xustificada das que abaixo se indican será causa de exclusión da Bolsa de emprego e, deberá acreditarse por escrito nas seguintes 24 horas.

Considérase como causa xustificada para a renuncia ao chamamento:

— Estar en situación de ocupado, prestando servizos como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.

— Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

— Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

— Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, acreditado por certificado médico.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o procedemento anteriormente descrito, por Resolución de Alcaldía procederase ao seu nomeamento/contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese producirase cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo/nomeamento, ou cando se produza algún dos supostos previstos na normativa aplicable.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia ata a vindeira convocatoria da mesa e, a súa xestión deberá ter presente o disposto no artigo 10 do real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do empregado Público.

Esta bolsa de emprego poderá extinguirse por Resolución expresa de Alcaldía e, poderá non utilizarse cando a aplicación dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes os destas bases.

DÉCIMA. Vixencia da bolsa

A bolsa de emprego que se constituía ao abeiro da presente convocatoria terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, data ata a que se prevé a cobertura financeira da contratación mediante a subvención concedida pola Deputación da Coruña no marco da convocatoria de axudas para o financiamento de persoal dentro do programa PEL CONCELLOS 2026.

A bolsa poderá esgotarse con anterioridade se non existisen aspirantes dispoñibles para ser chamados/as como consecuencia de contratacións, renuncias, exclusións ou calquera outra causa debidamente xustificada.

Unha vez rematada a vixencia da subvención ou esgotada a bolsa, esta entenderase extinguida sen necesidade de resolución expresa. Non obstante, o Concello poderá convocar un novo proceso selectivo e constituír unha nova bolsa cando así o requiran as necesidades do servizo ou no caso de concesión doutras subvencións que permitan o mantemento ou ampliación do programa, ou para garantir os servizos mínimos municipais.

UNDÉCIMA. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO segunda . Réxime Xurídico e Recursos

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

DÉCIMO terceira . Información sobre protección de datos de carácter persoal

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao concello da Baña:

Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
Finalidade do tratamento	Xestión de persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña. Inclúense retribucións, situacións administrativas, dereitos e deberes, prevención de riscos laborais, formación, incompatibilidades, e outros aspectos incluídos na xestión do devandito persoal.
Lexitimación	Artigo 6.1.b) RXP o tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais. Artigo 6.1.c) RXP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal: - Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. - Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a - Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. - Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
Categoría de persoas interesadas	Persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña.
Categoría de datos	- Datos identificativos: nome e apelidos, DNI/NIF/documento identificativo, número de rexistro de persoal, número de Seguridade Social/Mutualidade, enderezo, teléfono de contacto e sinatura. - Datos de categorías especiais: tipo e grao de discapacidade. - Datos de características persoais: sexo, estado civil, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento, datos familiares. - Datos académicos e profesionais: titulacións, formación e experiencia profesional. - Detalles de emprego: Posto de traballo, carreira profesional administrativa e incompatibilidades. - Datos económico-financeiros: datos económicos de nómina, créditos, préstamos, avais, retencións xudiciais (no seu caso) e outras retencións (no seu caso). - Datos bancarios: número de conta bancaria para o pago da nómina. - Outros datos: relativos á acción social, datos sobre sancións en materia de función pública, certificado de ausencia de delitos de natureza sexual. - Informes e/ou recoñecementos médicos.
Destinatarios/as	Instituto Nacional de Administración Pública, Rexistro Central de Persoal, entidade a quen se encomende a xestión en materia de riscos laborais, Instituto Nacional da Seguridade Social e mutualidades de funcionarios, entidade xestora e depositaria do plan de pensións da Administración Xeral do Estado. Tesouraría Xeral da Seguridade Social, organizacións sindicais, Entidades bancarias e financeiras para o pago de nóminas, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Intervención Xeral da Administración do Estado, Administración do Estado e Administración Local.
Transferencias internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
Prazos de conservación	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello da Baña.
Medidas de seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumplan co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I: SOLICITUDE DA PERSOA INTERESADA

Datos da persoa interesada	
Nome e Apelidos	NIF

Datos da representación	
Tipo de persoa	
<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica	
Nome e Apelidos/Razón Social	NIF/CIF
Poder de representación que ostenta	
<p>A Administración Pública verificará a identidade das persoas interesadas no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.</p> <p>As persoas interesadas poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través dos sistemas establecidos conforme ao artigo 9.2 da Lei 39/2015.</p> <p>Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación, de conformidade co indicado no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.</p>	

Datos a efectos de notificacións			
Medio de Notificación			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica <input type="checkbox"/> Notificación postal			
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

Obxecto da solicitude**EXPÓN**

Que, vista a convocatoria, para a selección por concurso-oposición unha posto de Persoal **PEÓN/A CONDUCTOR/A/A CONDUCTOR/A/A OBRAS**, conforme ás bases publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* número _____, de data _____.

[No seu caso] Que, ao ter unha discapacidade, preciso de adaptación para realizar as probas selectivas. Adaptacións de medios e tempo necesarios:

-
-
-

[Indicar que adaptacións de tempo e medios necesita].

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posuír a capacidade funcional para el desenvolvemento das tarefas.

A estes efectos establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.

- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- No ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, ni atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, o para exercer funcións semellantes que desenvolvían no seu caso do persoal laboral, no que ten sido separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente ni ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Ter a titulación esixida.

Requisitos específicos

• Tarxeta de demandante de emprego do Servizo Público de Emprego	SI	NO
• DNI	SI	NO
• Vida Laboral	SI	NO
• Certificado Discapacidad nun grao igual o superior ao 33%	SI	NO
• Situación de exclusión laboral (Informe dos serizos sociais municipais)	SI	NO
• Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos a valorar na fase de concurso: Cursos Formación	SI	NO
• Título CELGA 1 ou equivalente	SI	NO
• Carne conducir	SI	NO

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2. da LEPG, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega , que cualificará á persoa aspirante coma apta ou non apta.

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Deber de informar sobre protección de datos

Fun informado/a de que este Concello vai tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello da Baña
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Legitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
Dereitos	Teñen dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional

Data e sinatura

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O/A solicitante, ou a súa representación legal

Fdo.: _____

Na Baña, a 10 de marzo 2026

O Alcalde

Jose Antonio Pereira Gil

2026/1473